



## ¡¡¡O MÉRCORES HAI QUE INVADIR ANEIROS¡¡¡

Primeiras xornadas dun mes de maio que ven cargado de partidos. Comeza a Copa de modestos, termina a Liga xuvenil e as demais competicións de base van chegando tamén ao seu final. Analizamos o que nos agarda dende o venres ata o mércores:

**MODESTOS:** Cambio de competición. Comeza a Copa da Delegación de Ferrol. Chega a fase previa onde o Numancia xogará a dobre partido co CD Rosalía de Vilaboa, equipo que descendeu a Terceira Autonómica pero que de seguro querrá terminar ben a temporada coa competición de Copa. Os nosos buscarán seguir co gran momento do final de Liga e chegar o mais lonxe posible na competición copeira que afrontan con ilusión. O domingo as 18:00 por unha Copa boa.... ¡¡¡Tod@s a Vilaboa¡¡¡ Pasamos lista no campo de O Lameiro de Vilaboa - Valdoviño.



**XUVENÍS:** Última xornada de Liga a que o Numancia chega coas opcións intactas de clasificarse para a fase de ascenso. Este fin de semana xógase a penúltima xornada onde o Numancia descansa pero xógase no Poboado As Pontes - Portuarios (queremos unha vitoria do As Pontes ou un empate) O resultado dese partido decidirá se ao Numancia chegaralle cunha vitoria ante o Portuarios para meterse na fase de ascenso ou se deberá esperar o resultado do San Sadurniño - As Pontes.

O que si que é seguro e que o Numancia ten que gañar ao Portuarios o mércores. Por iso toda a MAREA VERMELLA queda convocada para o mércores 6 de maio as 19:00 no campo de Aneiros en Serantes para levar aos xuvenís a fase de ascenso... E se non pode ser para

felicitalos e aplaudilos pola sensacional competición de Liga. Recorda, o mércores as 19:00 en Aneiros tes unha cita ineludible co Numancia e cos seus xuvenís. ¡¡¡Non faltedes!!!

**CADETES:** Xogarán a penúltima xornada de Liga visitando ao terceiro clasificado, o Portuarios. Será o venres as 10:00 en Aneiros - Serantes.

**INFANTÍS:** Duelo na zona media da clasificación entre Rápido de Neda e Numancia na penúltima xornada de Liga. Será o sábado as 11:00 no Municipal Juanito González de Neda.

**FÚTBOL - 8:** Abre a xornada o **prebenxamín &quot;A&quot;** que xoga en O Poboado o venres as 12:35 ante o CD As Pontes. O sábado pola mañá tres partidos de nenos en Prados Vellos. As 10:30 os **alevíns** reciben ao Racing San Pedro. As 11:30 os **benxamíns** xogan ante o Portuarios. As 12:30 o **prebenxamín &quot;B&quot;** recibe ao Eume Deportivo.

Os **prebenxamíns xogarán tamén entre semana** o que será a última xornada de Liga. O martes as 18:00 o **prebenxamín &quot;A&quot;** recibe ao Ánimas. O mércores as 18:00 o **prebenxamín &quot;B&quot;** pecha a Liga en O Beco de Cedeira ante o anfitrión.

En resumo, xornada na que comeza a Copa de modestos con toda a ilusión posible e onde os xuvenís pecharán unha fantástica competición de Liga esperemos que con gran premio final.

¡¡¡Vémonos este fin de semana en Vilaboa, Serantes, Neda, Prados Vellos, As Pontes ou Cedeira.

&quot;Mientras hay vida, hay esperanza&quot;

O Numancia somos todos.

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!